



O Acordo de Xunta de Goberno do 22 de abril de 1996 regula a posibilidade de que os alumnos que esgotaran as sete convocatorias para superar unha determinada materia poidan concorrer a unha convocatoria máis en determinados supostos.

O citado acordo require unha petición expresa do alumno; ademais establece que entrará en vigor no presente curso académico.

Ós efectos de dar cumprimento ó disposto pola Xunta de Goberno,

ESTE RECTORADO RESOLVEU:

Primeiro.- SOLICITUDE.

Os alumnos que esgotaran convocatorias nunha determinada materia e desexen concorrer á convocatoria de xuño ou setembro do presente curso académico deberán solicitalo entre o 6 e o 15 de maio.

Segundo.- RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES.

1.- As solicitudes para concorrer a exames para os alumnos que se encontren nos supostos do apartado primeiro do Acordo de Xunta de Goberno serán resoltas polos xefes das Unidades de Xestión Académica.

2.- As solicitudes para concorrer a exame para alumnos que se encontren nas circunstancias do apartado segundo do Acordo de Xunta de Goberno serán resoltas polo Rector.

Terceiro.- DELEGACIÓN DA SINATURA.

Delégase nos xefes das Unidades de Xestión Académica a sinatura Rectoral para a Resolución dos expedientes que se incoen ó amparo do apartado primeiro do Acordo de Xunta de Goberno do 22 de abril de 1996.

Santiago, 29 de abril de 1996

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR. VICERRECTOR DO CAMPUS DE LUGO - SRS/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS - SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. XEFE DO SERVICIO DE INFORMACIÓN